

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.

COPIA DIXITAL

O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

**ANEXO II. CUMPRIMENTACIÓN DO INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL**

---

~~DILIXENCIA . Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.~~

COPIA DIXITAL  
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

## INFORME DE CUMPRIMENTACIÓN DO INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL

Con data de 2 de outubro de 2015 a Secretaría Xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio emitiu informe con carácter previo á aprobación inicial do PXOM do concello de Carral.

Nel indicábanse unha serie de xustificacións e modificacións que deberían ser contempladas no documento que se aprobase inicialmente.

A continuación refírense as modificacións realizadas no documento así como a xustificación das que se manteñen.

## II. CONSIDERACIÓNS SOBRE O MODELO TERRITORIAL DO PLAN

### II.1. CAPACIDADE RESIDENCIAL DO PLAN

No Informe Previo á Aprobación Inicial, IPAI, logo de analizar o crecemento demográfico e do parque residencial de Carral, conclúese que non se xustifica a necesidade de máis solo urbanizable que o amparado nas disposición transitoria 13ª da LOUGA e que a edificabilidade proposta para a colmatación da trama existente debería derivarse dunha estimación razoable da necesidade de novas vivendas.

Ó respecto desta cuestión compre eliminar do PXOM o sector de solo urbanizable S-05, rebaixar edificabilidade en certas zonas do solo urbano consolidado e tamén rebaixar edificabilidade a determinados ámbitos de solo urbano non consolidado.

Pola procede manter o sector de solo urbanizable delimitado S-04 por dúas cuestións básicas:

- A súa clasificación obedece a un convenio asinado no seu día cos propietarios de solo para a cesión anticipada dos terreos para a construción do novo instituto.
- A súa clasificación obedece á execución dunha nova estrutura viaria que, unida á que se xerará no desenvolvemento do solo urbano non consolidado P-CL-05, creará un by-pass sobre a rúa Outeiro, moi estreita no seu acceso á Vila, conectando a través dos núcleos de Coiro e Reboredo, a zona do instituto coa rúa Alcalde Francisco Xavier Alvajar, e a través desta co colexio de educación infantil e co de educación primaria. Este aspecto mellorará sen lugar a dúbidas o tráfico

de autobuses, que, na súa maioría non terán que acceder ó interior do solo urbano.

Por outra banda, tamén se manteñen os solos urbanizables S-03 e S-06 que se adaptan ó disposto na DT 13ª da LOUGA.

O IPAI tamén se refire a unha capacidade excesiva dos núcleos rurais. A este respecto compre indicar que se realizarán as modificación que se derivan do indicado no punto III.2 deste documento, co que a capacidade residencial dos núcleos rurais tamén sufrirá unha diminución.

Por último, ó respecto do indicado no IPAI, procede revisar a incongruencia existente entre os cadros do apartado 3.3.1.3. da memoria.

### II.2. ESTRUTURA XERAL E MODELO DE ORDENACIÓN.

Respecto do indicado no informe ó respecto dos límites municipais compre indicar o seguinte:

- Co concello de Cerceda no Monte Xalo. Estase a tramitar un deslinde entre ambos concellos para xestionar de maneira máis racional a urbanización xurdida a cabalo dos dous termos municipais.
- Co concello de Cambre na nave de Altamira. Os fitos do deslinde realizado no seu día desapareceron, pero, segundo os datos que manexa o concello, parte da referida nave está executada sobre o termo municipal de Carral. Procederá realizar un deslinde entre ambos concellos.
- Co concello de Cambre no núcleo de Abrigosa en San Vicente de Vigo. Nesta zona o límite se adapta ó previsto no instituto xeográfico nacional. Aínda así, dada a existencia dun improtante número de vivendas estímase que sería convinte realizar un deslinde entre ambos concellos.
- No límite con Mesía, ó sueste das Travesas. Modifícase o límite para adaptalo ó do IGN.
- No límite con Abegondo entre o Curro de Beira e O Bordel. Modifícase o límite para adaptalo ó do IGN.

Respecto do solo urbanizable industrial. O PXOM ó longo do apartado 2.8. realiza un amplo estudo da necesidade de solo para actividades empresariais na área funcional da Coruña a partir do indicado no Plan Sectorial de Ordenación das Áreas Empresariais de Galicia (PSOATEG). En base a este estudo a previsión de solo para actividades empresariais no concello de Carral e nas superficies previstas, está plenamente xustificada.

Por outra banda o citado PSOATEG no seu documento VI, de proposta de estratexia de desenvolvemento, no punto VI.2 recoñece ata catro situacións: actuacións de solo empresarial delimitadas polo PSOATEG; novas actuacións previstas polo PSOATEG; actuacións de incorporación posterior ó PSOATEG; actuación non delimitadas.

Paras estas dúas últimas actuacións indica literalmente o seguinte:

*As actuacións non delimitadas ou de incorporación posterior á aprobación definitiva do PSOAEG que xurdan nalgún dos ámbitos territoriais susceptibles de implantación de novas áreas empresariais, como se indica no apartado VI.4.3 requiren antes da súa delimitación, dun estudo de viabilidade da actuación, no que se analicen pormenorizadamente os parámetros territoriais establecidos no PSOAEG e dos que requira o ámbito territorial obxecto de estudo, que permitan decidir sobre a idoneidade dun determinado emprazamento e avaliar o efecto positivo que ten sobre o territorio esa actuación prevista.*

Á vista disto procede incorporar, a maiores da xustificación que xa se contén na memoria e os efectos sobre o territorio que se conteñen no ISA, un estudo de viabilidade para a implantación dos ámbitos empresariais en Carral.

Aínda así, considérase axeitado suprimir a delimitación do sector de solo urbanizable S-02.

Polo que se respecta á zona de risco de inundación que afecta ó solo P-CL-05 compre indicar que a delimitación das ARPSI e os estudos hidrolóxico-hidráulicos realizados no seu día por Augas de Galicia, foron recurridos polo Concello de Carral, posto que se basean en datos erróneos, ó considerar un trazado incorrecto do rego existente, tal e como se pode apreciar na fotografía aérea histórica que se aportou no seu día coa alegación.



Nesta imaxe pode verse claramente como a vaguada coincide co trazado en liña azul non afectando polo tanto ó P-CL-05.

A reserva de uso comercial non se inclúe nos solos S-03 e S-06 por tratarse de solos para regularización de asentamentos residenciais xurdidos á marxe do planeamento.

### II.3. DOTACIÓNS URBANÍSTICAS

Procede excluír do solo cualificado como zona verde ZVX-05, ZVX-06 e ZVX-07 os terreos ocupados polo cauce.

Da parcela EQX-01 que conta cunha superficie de 5.872 m<sup>2</sup>, aproximadamente 2.500 están clasificados como solo rústico de especial protección forestal, no que resulta autorizable o uso que se pretende. Sobre estas superficie, cunha ocupación máxima de aproximadamente 500 m<sup>2</sup> e unha altura máxima de dúas plantas a edificabilidade máxima ascende a 1.000 m<sup>2</sup>, máis que suficientes para a realización do equipamento que se pretende levar a cabo. O resto da parcela, sobre todo a ubicada en solo rústico de protección de infraestruturas será destinada a accesos e aparcamento.

Procede cualificar o ámbito programado EQL-07 como equipamento deportivo programado DPL-07, pistas deportivas en Tabeaio.

### III. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓN NAS DISTINTAS CLASES DE SOLO

#### III.1. SOLO URBANO

1.- Sobre o cuestionamento da clasificación de solo urbano en relación coa información achegada realízanse as seguintes consideracións:

- O polígono P-CL-05 non se atopa fóra da malla urbana posto que a parte del que conta con acceso rodado por vía pública, tanto no núcleo de Coiro como no de Reboredo, xa se atopaba clasificado como solo urbano nas NN.SS. vixentes e ademais conta coa totalidade dos servizos urbanísticos. Por outra banda este ámbito resulta necesario para executar o by-pass da rúa Outeiro, mellorando a mobilidade entre o novo instituto e os colexios de infantil e primeira a través da rúa Alcalde Francisco Xavier Alvajar.
- Terreos ó leste da rúa Francisco Xavier Alvajar. Procede modificar a delimitación do solo urbano neste ámbito concreto, mantendo a clasificación das NN.SS. vixentes.
- Os terreos ó norte da rúa Costa do Pincho estaban clasificados como solo de núcleo rural en continuidade co solo urbano nas vixentes NN.SS. Este asentamento, que conta coa totalidade dos servizos urbanísticos, non reúne as características dun solo de núcleo rural, motivo polo cal foi incorporado á trama urbana e os seus habitantes están integrados demograficamente na Vila de Carral. Atendendo a estas cuestións, ós antecedentes de planeamento e á existencia de servizos, procede manter este ámbito coa clasificación de solo urbano.

- Proceder clasificar o ámbito do equipamento programado DPX-06 como solo rústico.
- 2.- Sobre a clasificación do solo urbano en relación coa deficiencia de servizos. Detectáronse erros nas redes de servizos, existindo unha maior rede executada que a representada nos planos. Complementando a rede de servizos resultou estar plenamente xustificada, en relación co indicado no IPAI, a clasificación do solo urbano na ampliación no extremo sur do solo urbano, nos terreos ó oeste do P-CL-92 e os terreos arredor da rúa Alaclade Francisco Xavier Alvajar, rúa do Pan, terreos ó leste do colexio Vicente Otero Valcárcel e en Tabeaio, rúas transversais a estrada nacional que van a Sobrepiñeiro e ó castro así como a parte norte. Por outra banda, de todos os puntos deste apartado do IPAI procede modificar a cualificación dos terreos ó oeste do P-CL-02, incluíndoos na delimitación do solo urbano non consolidado deste polígono.
- 3.- Modifícase a delimitación do P-CL-11 aumentando a súa delimitación e reducindo o ámbito do solo urbano consolidado da parcela ocupada pola estación de servizo. Ademais coa ampliación da superficie deste solo urbano non consolidado mellóranse as posibilidades de ordenación, de maneira que non aparezan medianeiras.
- 4.- Procede incorporar ó plano de servizos os executados como desenvolvemento da UA-2 das NN.SS. vixentes.
- 5.- Acláranse as alturas na ficha do P-CL-03, o sistema de ordenación, que será a través do PXOM, e incorpóranse planos coas rasantes e redes.
- 6.- Inclúense dentro do P-CL-04 os terreos para entroncar este coa rúa Souto. Tendo en conta que estes xa son municipais, non aportarán edificabilidade ó ámbito.
- 7.- No P-CL-06 rebáixase a previsión de alturas e a edificabilidade prevista. No tramo da Avenida dos Mártires no que se prevén cinco alturas na zona en contacto con edificacións residenciais, procede rebaxalas, nos solares non consolidados pola edificación. Na zona en contacto co núcleo de Reboredo procede mantela en base á licenza concedida no seu día.
- 8.- Inclúense as rasantes en solo urbano consolidado.
- 9.- Gráfanse as aliñacións das rúas en contacto coas aperturas dos polígonos P-CL-10 e P-CL-8. A modificación do P-CL-11 xa se adiantou no apartado precedente correspondente.
- 10.- Procede asignar cargas de urbanización ó P-CL-11.
- 11.- No P-CL-10 e no P-CL-08 inclúese unha porcentaxe de vivenda unifamiliar como transición das ubicadas na zona alta destes polígonos.
- 12.- Establécese un plan de etapas coherente entre os ámbitos P-CL-08, P-CL-09 e P-CL-10.
- 13.- Procede corrixir a falla de altura nunha zona de ordenanza 2 ó sur do S-04.
- 14.- Elimínase a duplicidade de aliñacións no polígono dos Capelos, na zona de paso da liña de alta tensión.
- 15.- Procede aclarar a necesidade de acaroar a medianeiras existentes así como a tipoloxía de vivenda colectiva.

### III.2. SOLO DE NÚCLEO RURAL

- 1.- Procede excluír do núcleo rural da Azoreira a parte deste non identificada cun núcleo rural.
- 2.- Inclúense na categoría de solo de núcleo rural histórico tradicional, na súa totalidade ou en parte os seguintes núcleos: 01.05 O Curro de Beira, 04.01 As Cavanca, 04.03 Cimadevila, 04.08 Montecelo, 05.02 A Cañota, 06.02 Belvís, 06.03.a A Cabra e 06.09 Guntín. Os núcleos 04.16 Salgueiros e 08.11 As Táboas, aínda que contan con vivendas tradicionais, están constituídos por vivendas descontinuas xurdidas á marxe dunha estrada. En ningún caso esta tipoloxía de asentamento se pode considerar tradicional nin con especial vinculación ó aproveitamento racional do medio rural, motivo polo cal procede manter a súa cualificación como núcleo rural común.
- 3.- Revisanse as seguintes delimitacións de núcleo rural:
  - As delimitacións dos núcleos 2.16.a Vista Real, 06.09 Guntín e 08.04.a Balbén, axústanse ás pegadas físicas.
  - Revisouse a consolidación dos solos de núcleo rural resultando o seguinte: compre reducir a delimitación dos núcleos rurais comúns de 06.02 Belvís e 08.05 A Igrexa de San Vicente. Por outro lado cumpren a consolidación fixada na lexislación vixente, e polo tanto procede manter, a delimitación dos núcleos rurais de 04.05 Esperante, 08.13 Valiñas, 01.10 A Mella, 04.15 Ribeira, 04.16 Salgueiros, 07.09 Esperón e 08.04 Balbén.
  - Polo que respecta ás delimitacións artificiosas dos núcleos rurais creadas para recoller bolsas de edificación ou vivendas desligadas dos asentamentos orixinais procedeu recortar os seguintes núcleos: 02.03 extremo oeste da Bailía, 02.02 O Babelo, 02.16 Vista Real, 03.10 Focanos, 03.14 Quenllo, 04.15 Ribeira e 06.02 Belvís. Pola contra procede manter as delimitacións dos núcleos de 01.10 A Mella, 02.15 Soavila e 06.18.a Vilasuso, por constituír edificacións ou parcelas que estaban englobadas na delimitación do solo de núcleo rural das NN.SS. vixentes e ser este un criterio reflexado no artigo 13 da LOUGA e compartido polo PXOM (o de realizar as delimitacións dos núcleos en atención ós antecedentes de planeamento).
  - Con respecto á formación de continuos indiferenciados, redúcese a delimitación, e polo tanto sepáranse os seguintes núcleos: 01.04.a Canedo; 02.08 Lavandeira de 02.06 Casanova; 03.10 Focanos de 03.01 As Ameixeiras; 03.05 Camiño do Casal de 03.06 O Casal; 04.04 A Eirexa de 04.02.a O Cepedo; 07.03 Belvís de 05.04 O Monte; 06.14 Pousada de 06.18 Vilasuso; 07.10.a Gosende de 07.11 A Lameira; 07.06.a O Corpo Santo de 07.05 Cambela de 07.08 A Eirexa de 07.07 Esperón; 07.16 Salgueiras de 07.19 Vista Real; 08.03 Ameas de 08.07 Parapar de 08.01.b A Abrigosa de 08.05 A Igrexa de San Vicente.
  - En función das previsións de crecemento procede reducir a delimitacións dos seguintes solos de núcleo rural: 04.06 A Horta do Conde, 04.13 Ponte Lago, 06.03.a

A Cabra, 02.05 Cañás, 03.08 Os Chás, 03.09 Coiro, 07.06.b O Corpo Santo. Por outra banda procede manter as delimitacións de 01.05 O Curro de Beira, 06.07 Galgáns e 06.16 Souto Figueira, en base ó criterio do PXOM antes indicado e compartido coa LOUGA, de realizar as delimitacións dos solos de núcleo rural en atención a delimitacións anteriores.

- 4.- Procede aportar os correspondentes planos xustificativos do cálculo da consolidación polo método gráfico.
- 5.- A nave que se indica que se delimita no núcleo de Vista Real xa estaba incluída na delimitación deste núcleo nas vixentes NN.SS.
- 6.- Fíxanse indicadores para a redacción dun plan especial de ordenación do núcleo para o conxunto de determinados núcleos. Este extremo refléxase na normativa.
- 7.- Revisanse as aliñacións previstas nos núcleos de 02.13 Ribeira de Cañás e 07.01.b Gosende.

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.  
COPIA DIXITAL  
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

### III.3. SOLO URBANIZABLE

1.- Respecto da relación entre solos especialmente protexidos e solos urbanizables S-01 e S-02 xa se aclarou no primeiro punto do presente informe que procedía suprimir o S-02, non merecendo polo tanto máis comentarios. Ó respecto do S-01, que se opta por mantelo compre facer as seguintes consideracións. O solo delimitado ocupa terreos que no seu día foron de produción agrícola pero que se foron paulatinamente deixando para realizar plantacións forestais. Por outra banda, parte dos terreos están totalmente artificializados, adicados a un viveiro de plantas e especies arbóreas. A fronte da estrada N-550 está ocupada por naves e actividades industriais. Polo interior da peza atravesa un pequeno regato que se atopa en parte canalizado, por mor do aproveitamento do viveiro. Correspondería a estes solos, no hipotético caso de que non se clasificasen como urbanizable, as clasificacións, na súa meirande parte de solo rústico de protección ordinaria, e en pequenas partes solo rústico de protección forestal e solo rústico de protección das augas.

Segundo o disposto na LOUGA para cada un destes solos:

*Solo rústico de especial protección forestal*

*Excepcionalmente, o plan xeral poderá excluír desta categoría as áreas sen masas arbóreas merecedoras de protección, lindeiras sen solución de continuidade co solo urbano ou cos núcleos rurais, que resulten necesarias para o desenvolvemento urbanístico racional.*

*Solo rústico de especial protección das augas*

*Malia o anterior, as correntes de auga de escasa entidade que discorran dentro do ámbito dun sector de solo urbanizable quedarán debidamente integradas no sistema de espazos libres públicos, con suxeición ao réxime de solo urbanizable.*

Resulta claro que, xustificada a necesidade de desenvolvemento do solo en base ó indicado na memoria e no estudo de viabilidade que se realizará ó efecto, o solo rústico se pode incorporar á clasificación de solo urbanizable.

2.- Ó respecto do S-01 en relación co regato existente compre aclarar o que xa se indicou no apartado precedente. Aínda así compre incorporar ó PXOM estudos de asolagamento. O S-02 xa se aclarou que se elimina e o S-06 entra dentro da zona de servidume de protección do nacemento dun regato, polo cal non procede realizar ningunha modificación ó respecto.

3.- A eliminación do sector S-02 fai que non sexa necesario a corrección do erro detectado na duplicidade de fichas.

4.- A consolidación edificatoria dos sectores delimitados con amaño á DT 13ª xustifícase no apartado 3.3.1.5.3. da memoria. Procede incorporar a xustificación da consolidación á ficha de desenvolvemento así como a xustificación da exención da vivenda protexida.

5.- A problemática da urbanización do Monte Xalo, asentada entre os concellos de Carral e Cerceda non pode ter unha resolución inividualizada en cada concello, fundamentalmente porque o trazado das rúas e as redes de servizos xa executadas, se realizou sen ter en conta a barreira que supón o límite municipal de ambos concellos. Os servizos e a urbanización que agora se pretende legalizar a través da DT 13ª xa están deseñados como se non existise límite municipal. O PXOM non pode intentar legalizar a situación de acordo coa DT13ª e non ter en conta o aspecto dos servizos compartidos.

6.- Incorporárase para a totalidade do solo urbanizable as previsións indicadas no artigo 57.1.d) da LOUGA.

7.- Concrétase a posicións das ETAP e EDAR previstas.

8.- Preverase nas fichas de desenvolvementos dos solos urbanizable o soterramento das liñas de alta e media tensión.

### III.4. SOLO RÚSTICO

1.- Xa se aclarou ó longo deste informe que a zona asologable identificada coa ARPSI definida por Augas de Galicia, ubicouse sobre unha corrente de auga que non se corresponde coa realidade, aspecto que foi alegado polo Concello, no seu día, ó expediente tramitado por este organismo. En tanto non se resolva este expediente, non procede incorporar a devandita zona asologable, por non corresponderse coa realidade física. Por outra banda, tal e como se indicou no apartado precedente apórtanse cálculos hidrolóxicos-hidráulicos do regato que atravesa o solo urbano S-01.

2.- Revisase a definición da liña que identifica a policía de cauces, nomeadamente nas proximidades do núcleo de Ribeira de Cañás, entre as Travesas e Canedo, e na zona da ARPSI.

3.- Procede clasificar como solo rústico de protección de patrimonio a banda de protección de 30 m do Camiño de Santiago. Por outra banda a lexislación sectorial de aplicación non obriga á clasificación de solo rústico ós elementos con interese arquitectónico, artístico e histórico, debido a que a súa escasa superficie non pode determinar a clasificación dun solo. Este criterio é compartido e empregado na totalidade dos plans xerais aprobados ata o de agora.

4.- Clasifícanse como solo rústico de protección forestal as áreas que sufriron incendios e que se incorporan no plano de información urbanística correspondente. Exclúese do sector S-01 a superficie incendiada.

#### IV. NORMATIVA

- 1.- Modifícase o artigo 1.1.5 da normativa en coherencia cos prazos de programación do PXOM.
- 2.- Modifícase o artigo 5.2.4. no referente á dotación de prazas de aparcamento en novas edificacións, para considerar a dotación dunha praza por vivenda como mínimo.
- 3.- Modifícase a prolongación do fondo na ordenanza 1 e establécese un recuado obrigatorio sobre a ordenanza de zona 4 residencial unifamiliar.
- 4.- Procede ampliar a obriga de recuado para os casos do contacto co solo rústico na ordenanza de zona 3 residencial unifamiliar apegada.
- 5.- Elimínanse o uso de equipamento nas categorías 7 e 8 na ordenanza de zona 5, residencial tradicional.
- 6.- Modifícase o artigo 3.2.2. para regular a normalización de predios.
- 7.- Modifícase o artigo 11.3.3 de acordo co indicado na LOUGA e no IPAI.
- 8.- Adáptase o indicado no artigo 11.3.9. ó prescrito na LOUGA.
- 9.- Procede eliminar a exención da parcela mínima edificable en solo de núcleo rural para a execución de construcións auxiliares, en particular garaxes.

#### V. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E E ESTUDO ECONÓMICO

A eliminación do sector S-02 fai que non sexa necesario priorizar a execución dun sobre o outro.

Procedeuse a desgregar o custe da obtención do solo do custe da execución para cada sistema xeral.

Con respecto á ampliación da EDAR de Quenllo no río Brexa compre informar que na ficha de desenvolvemento do Sector S-01 impónselle a execución desta infraestrutura ó desenvolvemento deste sector. Procede incluír a valoración na correspondente ficha.

#### VI. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- 1.- Procede modificar o artigo 3.6.7. da normativa para identificar o ámbito espacial do plan especial da área recreativa do Barcés e incluír as determinacións para o seu desenvolvemento.
- 2.- Procede adaptar a xustificación sobre cumprimento da normativa de accesibilidade que se contén no apartado 3.4.2. da memoria ó disposto na Lei 10/2014.

3.- Procede incluír o convenio urbanístico dos terreos para a execución do instituto na documento que se someta a exposición ó público. O convenio tamén se inclúe na documentación do PXOM.

4.- Solicitarse o informe de Augas de Galicia.

5.- Na documentación que se expoña ó público incluírase un resumo executivo co contido indicado no RD 2/2008 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo.

Carral, 23 de febreiro de 2015

Isidro López Yáñez  
Arquitecto do equipo redactor do PXOM

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.  
COPIA DIXITAL  
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval